

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro, en réxime de concorrència competitiva, para o desenvolvemento de actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301G).

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, recolle entre os principios reitores do exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de augas, o de contribuír á preservación e mellora do ambiente e, en particular dos ecosistemas acuáticos, constituíndo un obxectivo primordial en materia de auga o de previr a deterioración do estado de todas as masas de auga coa finalidade de acadar o seu bo estado ecolóxico.

Unha das competencias de Augas de Galicia é a realización de programas, proxectos e accións de cooperación para a implementación da Axenda 2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable en materia de augas (artigo 11.9 da Lei 9/2010, do 4 de novembro).

Augas de Galicia considera a educación e sensibilización sociais como unha das ferramentas máis importantes na consecución dos obxectivos da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no eido da política de augas. Obxectivos que Augas de Galicia asume como propios e entre os que cabe destacar a protección das augas superficiais continentais, e máis especificamente dos ecosistemas fluviais.

En consonancia con estes obxectivos, o 2 de abril de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 18 de marzo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro, en réxime de concorrència competitiva, para o desenvolvemento de actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento AU301G).

Os bos resultados das actuacións levadas a cabo ao abeiro da convocatoria publicada aconsellan continuar co desenvolvemento destas actuacións cunha nova convocatoria de subvencións.



A finalidade perseguida con esta convocatoria de subvencións é axudar as asociacións sen ánimo de lucro para dar a coñecer o papel fundamental dos ríos e as problemáticas ambientais ligadas a estes, así como achegar prácticas e comportamentos que lles permitan aos cidadáns o mantemento e a mellora dos cursos fluviais mediante a práctica de dinámicas que fomenten a participación cidadá.

En consecuencia, tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto desta resolución é establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro, en réxime de concorrència competitiva, para o desenvolvemento de actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, e convocar estas subvencións para o ano 2025 (código de procedemento AU301G).

2. A finalidade das subvencións é financiar o desenvolvemento de actividades e actuacións e a divulgación de programas de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións as asociacións sen ánimo de lucro, que teñan recollidos entre os seus fins a conservación da natureza e a protección do ambiente e/ou a educación ambiental e o voluntariado ambiental, sempre que o seu domicilio e o ámbito territorial en que realiza principalmente as súas actividades este en Galicia.

2. Para poder obter a condición de entidade beneficiaria, as asociacións sen ánimo de lucro deberán cumprir, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.



b) Cumprir os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

3. Ao abeiro desta convocatoria de subvencións ningunha asociación poderá presentar máis dunha solicitude por zona hidrográfica, aínda que se refiran a actuacións distintas. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

Artigo 3. *Actuacións subvencionables*

1. Serán subvencionables os investimentos realizados desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 7 de novembro de 2025, destinados ao desenvolvemento de actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, a través dalgunha das actuacións que se indican a seguir:

a) Actividades de divulgación, concienciación e sensibilización en relación ao medio hídrico na zona hidrográfica correspondente.

Estas actividades deberán ter como obxectivo divulgar, concienciar e sensibilizar en relación ao estado do medio hídrico sobre o que se propón actuar e os propósitos de mellora dese medio que se formulen no marco desta convocatoria, e implicar os actores clave do programa e das actividades, e da sociedade en xeral, na valoración da conservación dos ecosistemas fluviais.

Englobaría actividades como:

1º. Realización de enquisas de poboación para o nivel de coñecemento ou de concienciación respecto do ciclo da auga, o seu uso sustentable ou a conservación de ecosistemas acuáticos.

2º. Divulgación e sensibilización en relación á identificación de presións e impactos, por exemplo: localización de vertedoiros ou verteduras puntuais ao dominio público hidráulico ou ás súas inmediacións; problemas de permeabilidade faunística en infraestruturas hidráulicas; identificación de tramos fluviais ou zonas húmidas en xeral con problemática ligada a actuacións antrópicas.



3º. Concienciación en relación ao estado do río coa recollida de datos e mostras (parámetros físicoquímicos e biolóxicos da auga), ao seguimento da biodiversidade ligada a ecosistemas acuáticos e á identificación de especies de flora e fauna alóctonas invasoras en medios acuáticos.

4º. Edición de libros, guías, vídeos e contidos web ou en redes sociais relacionados coa conservación dos ecosistemas acuáticos e o uso sustentable da auga na zona hidrográfica correspondente, así como charlas, xornadas ou coloquios sobre experiencias xa en marcha de conservación de ecosistemas acuáticos, actividades de interpretación e de educación ambiental sobre aspectos ligados ao uso da auga e os ecosistemas acuáticos, talleres formativos con actores clave, exposicións, formación mediante talleres a outros actores implicados como os usuarios.

5º. Difusión do propio programa das actuacións e actividades subvencionadas.

b) Actuacións de conservación e mellora do estado dos ríos da zona hidrográfica correspondente.

Estas actuacións deberán ter como obxectivo desenvolver actividades de protección e recuperación de ecosistemas fluviais. Englobaría actividades como:

1º. Saídas formativas para a implantación dunha metodoloxía de traballo na detección de problemas e na súa posible solución.

2º. Limpeza de residuos nos ríos e no seu contorno.

3º. Mellora das formacións vexetais, con actuacións como revexetación ou medidas para favorecer o rexenerado natural ou a desaparición de especies de flora alóctonas invasoras.

4º. Actividades de mellora de hábitats para favorecer a desaparición de especies de fauna alóctona invasora e recolonización de especies autóctonas, con actuacións como a construción de refuxios ou rehabilitación de desovadoiros.

2. As actuacións propostas deberán referirse unicamente a unha zona hidrográfica concreta da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



A Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa divídese nas seguintes zonas hidrográficas:

- a) Zona hidrográfica de Galicia-Sur, que abarca os sistemas de explotación parciais 1 ao 4, este incluído.
- b) Zona hidrográfica de Galicia-Centro, que abarca os sistemas de explotación parciais 5 ao 8, este incluído.
- c) Zona hidrográfica de Galicia-Norte, que abarca os sistemas de explotación parciais 9 a 16, este incluído.
- d) Zona hidrográfica da Mariña, que abarca os sistemas de explotación parciais 17 ao 19, este incluído.

O territorio da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e de cada unha das zonas hidrográficas desta demarcación poderá consultarse no enderezo electrónico da páxina web do sistema de información IDE-DHGC (Infraestrutura de datos espaciais da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa), que estará dispoñible desde o enderezo electrónico da páxina web corporativa de Augas de Galicia (na actualidade <https://augasdegalicia.xunta.gal>).

Artigo 4. *Gastos subvencionables*

1. Serán gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. Considérase gasto realizado o efectuado a partir do 1 de xaneiro de 2025 e pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. E, en todo caso, os seguintes:

- a) Gastos relativos a material divulgativo e publicidade en medios de comunicación.
- b) Gastos de persoal propio da entidade beneficiaria con asignación parcial ou total ao proxecto e xustificado segundo o estipulado no artigo 23 desta resolución.

Gastos derivados da contratación de persoal específico para o desenvolvemento da actividade subvencionada e de relatores. Os complementos por gastos de transporte e/ou axudas de custo non poderán imputarse como gastos de persoal.

En todo caso os gastos de persoal non poderán superar o 75 % da totalidade da actividade subvencionada.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



c) Gastos de alugueiro de salas.

d) Gastos de desprazamentos necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas. O importe máximo por quilometraxe para os desprazamentos con vehículo particular é o establecido na Orde HFP/792/2023, do 12 de xullo, pola que se revisa a contía das axudas de custo e asignacións para gastos de locomoción no imposto sobre a renda das persoas físicas: 0,26 euros/km.

En todo caso, os gastos de desprazamento do persoal non poderán superar o 3 % da totalidade da actividade subvencionada.

e) Gastos en material funxible e material consumible de informática para as actuacións formativas e outras campañas de sensibilización ou voluntariado ambiental.

f) Gastos de xestión e administración que estean en relación directa coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a súa preparación ou execución.

En todo caso estes gastos non poderán superar o 10 % da totalidade da actividade subvencionada, e deberán xustificarse os gastos imputados cos criterios detallados no artigo 22 da resolución.

g) Será subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) só no caso de que non sexa repercutible de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Para tal efecto, a asociación beneficiaria deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible pola asociación.

2. Non serán gastos subvencionables, ademais dos previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os seguintes:

a) Gastos financeiros.

b) Gastos de adquisición de material inventariable, instalacións, obra civil, nin os de reparación, construción, reforma, equipamentos e outros calquera que constitúan investimentos reais ou de carácter permanente.

c) Gastos xerais como material de oficina, teléfono, mantemento da páxina web, fax, auga e luz, así como de alugueiros non contratados especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada.



d) Os que non estean definidos ou que non teñan como finalidade o obxecto da subvención, así como os non imputables directamente aos procedementos obxecto de subvención.

3. En ningún caso o custo de adquisición dos bens e dos servizos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Artigo 5. *Crédito*

1. As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6518 (subvencións correntes a familias e institucións sen fins de lucro) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, cunha dotación de douscentos mil euros (200.000,00 €) con cargo á anualidade 2025.

2. O crédito indicado no punto anterior distribuirase nos seguintes grupos:

a) O 30 % do importe (60.000,00 €) irá destinado a actuacións que se van desenvolver no ámbito da zona hidrográfica Galicia-Sur da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

b) O 30 % do importe (60.000,00 €) irá destinado a actuacións que se van desenvolver no ámbito da zona hidrográfica Galicia-Centro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

c) O 30 % do importe (60.000,00 €) irá destinado a actuacións que se van desenvolver no ámbito da zona hidrográfica Galicia-Norte da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

d) O 10 % do importe (20.000,00 €) irá destinado a actuacións que se van desenvolver no ámbito da zona hidrográfica da Mariña da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Outorgarase unha única subvención por cada zona hidrográfica da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

3. Estas cantidades teñen o carácter de máximo e serán de aplicación as seguintes previsións:

a) As solicitudes presentadas dividiranse en catro grupos en función da zona hidrográfica na que se vaian desenvolver as actuacións para as que se solicita a subvención.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



As solicitudes de subvención que cumpran os criterios e requisitos establecidos na convocatoria de subvención serán valoradas dentro de cada grupo, outorgándose unha subvención a aquela que obteña a maior puntuación en cada grupo.

b) As solicitudes que non poidan ser atendidas por falta de crédito nalgún dos grupos quedarán en reserva e poderán, se é o caso, subvencionarse co crédito que quede libre de producirse unha non aceptación ou renuncia por parte da entidade beneficiaria dentro do mesmo grupo.

Artigo 6. Ampliación de crédito

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Augas de Galicia publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 7. Importe máximo das subvencións

1. O importe das subvencións para o desenvolvemento de actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa será do 100 % dos gastos subvencionables, co límite máximo referido no artigo 5 para cada zona hidrográfica.

2. O importe da subvención en ningún caso poderá superar o custo da actividade que se vai desenvolver pola entidade beneficiaria.

Artigo 8. Compatibilidade das subvencións

1. Estas subvencións serán incompatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas.



2. As entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ás entidades concedentes a obtención de subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto desta resolución.

Artigo 9. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10. Forma e lugar de presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes e os trámites posteriores deberán estar asinados electronicamente pola persoa representante legal da entidade solicitante ou pola persoa en que estea delegada a competencia no momento da dita sinatura.

2. No formulario, que figura como anexo I desta resolución, declárase o seguinte:

a) Que o órgano competente da asociación acordou participar na convocatoria de subvencións e apoderou á persoa que asina para presentar a solicitude e demais documentos exixidos nesta resolución de convocatoria.

b) Que a asociación que solicita a subvención acepta as condicións e os demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



c) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

d) O conxunto de todas as subvencións ou axudas das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións financiadas ao abeiro desta resolución, e o compromiso de comunicar de contado cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

e) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

h) O carácter repercutible ou non do IVE por parte da asociación, de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

3. Ao abeiro desta convocatoria de subvencións ningunha asociación poderá presentar máis dunha solicitude por zona hidrográfica, aínda que se refiran a actuacións distintas. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Unha memoria na que se inclúan os seguintes puntos:

1º. Obxectivos propostos: neste punto incluírase unha explicación dos obxectivos que se pretenden acadar tanto coas actividades de divulgación, concienciación e sensibiliza-



ción propostas como coas actuacións de conservación e mellora do estado dos ríos, na zona hidrográfica correspondente.

2º. Descrición das actividades e actuacións: neste punto describirase dun xeito individualizado as actividades de divulgación, concienciación e sensibilización propostas e as actuacións de conservación e mellora. Indicarase a localización concreta dos ríos nos que se pretende actuar e o alcance xeográfico das actuacións que se propoñen, especificando as masas de auga concretas e o demais contido necesario para a súa valoración segundo os bloques descritos no artigo 17 desta resolución. Estas actividades e actuacións relacionaranse cos obxectivos expostos no punto anterior.

As masas de auga e o seu estado poderá consultarse no enderezo electrónico da páxina web do sistema de información IDE-DHGC (Infraestrutura de datos espaciais da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa): <https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>

3º. Medios materiais, persoais e económicos: neste punto incluírase unha relación dos medios materiais, persoais e económicos que se consideran necesarios para desenvolver o conxunto do proxecto e cada unha das actividades e actuacións descritas anteriormente. Este punto conterá unha proposta de organización deses medios para acadar os obxectivos enunciados. Así mesmo, incluíranse os compromisos de colaboración nas actuacións e actividades propostas tanto doutras administracións e colectivos escolares como doutras asociacións sen ánimo de lucro.

4º. Xestión do voluntariado: neste punto describirase o modo en que se propón xestionar o voluntariado que participe nas distintas actividades e actuacións, o seu sistema de captación e os requisitos establecidos e as propostas de formación durante o desenvolvemento do proxecto.

5º. Calendario de traballo: neste punto incluírase unha proposta de calendario de traballo para a xestión do voluntariado, para a organización dos medios materiais e persoais e para o desenvolvemento das actividades e actuacións do proxecto.

b) Orzamento desagregado no que se detallen de forma separada os conceptos e custos subvencionables, tanto os necesarios para desenvolver o conxunto do proxecto como para cada unha das actividades e actuacións propostas.

c) Copia dos estatutos da asociación solicitante.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajccmedz25x2



A falta de presentación da documentación indicada poderá ser obxecto de requirimento de emenda aplicándose o previsto no artigo 16.2 desta resolución para o suposto de non atenderse ao requirimento, sen prexuízo do disposto no artigo 12 desta resolución sobre comprobación de datos.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algún dos solicitantes interesados presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. O tamaño máximo previsto para a presentación electrónica de documentos é de 2GB por presentación.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



6. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O procedemento a seguir para presentar documentación de gran tamaño pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia a través da seguinte ligazón https://sede.xunta.gal/axuda/preguntas-frecuentes?content=pregunta-frecuente_0068.xml

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) NIF da entidade representante.
- c) DNI/NIE da persoa representante.
- d) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- e) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas fronte á Seguridade Social que deba emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- f) Certificacións sobre o cumprimento coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- h) Concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.



Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



Artigo 14. *Publicación dos actos*

1. Publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a ampliación do crédito da convocatoria e a relación de subvencións que se concedan.

2. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web de Augas de Galicia (<https://augasdeg Galicia.xunta.gal>), a ampliación do crédito da convocatoria e a relación de subvencións que se conceden.

Artigo 15. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. *Órganos competentes e instrución*

1. A unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento será a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de Augas de Galicia, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes, revisadas estas e a documentación que se presente con elas, se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento requirirá ao solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, considerárase que desiste da súa solicitude, de acordo co previsto nos artigos 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, despois de que se dite resolución ao abeiro do artigo 21 desta lei.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento poderá requirir os solicitantes para que presenten a información e/ou a do-



cumentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación das solicitudes presentadas.

Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e conteñan toda a documentación preceptiva serán elevados polo órgano instrutor á Comisión de Valoración.

3. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

a) Presidencia: a persoa titular da Xerencia de Augas de Galicia.

b) Vogalías: a persoa titular da Comisaría de Augas, a persoa titular da Subdirección Xeral de Réxime Económico Financeiro de Augas de Galicia e unha persoa designada pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

c) Secretaría: un/unha funcionario/a de Augas de Galicia, designado/a pola Dirección de Augas de Galicia.

Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non pode asistir, será substituída pola persoa que para o efecto nomee a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia.

4. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nesta resolución e de emitir un informe en que se concrete o resultado da valoración efectuada e no cal conste a relación ordenada de todas as solicitudes que cumpren coas condicións administrativas e técnicas para adquirir a condición de entidades beneficiarias, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas. Este informe remitirase ao órgano instrutor, que o elevará xunto coa proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

5. O órgano instrutor formulará a proposta de resolución.

A proposta de resolución propondrá a inadmisión tanto das solicitudes que non cumpran as exigencias contidas nesta resolución ou na normativa de aplicación como das solicitudes que non conteñan a documentación necesaria, con indicación das causas desta inadmisión.

A proposta de resolución propondrá a concesión das solicitudes que proceda. Na proposta de resolución que formule o instrutor figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, ordenadas segundo a valoración que se lle ou-



torgue á solicitude no informe emitido pola Comisión de Valoración. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada unha delas, ata esgotar o crédito dispoñible.

6. As solicitudes admitidas e valoradas pola Comisión de Valoración cuxa concesión superaría o importe do crédito dispoñible para a zona hidrográfica correspondente poderán ser atendidas seguindo a orde de puntuación, sen necesidade dunha nova convocatoria, co crédito que resulte dispoñible de producirse algunha non aceptación ou renuncia nese grupo e ata o límite do crédito dispoñible para ese grupo. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

7. O órgano instructor emitirá un informe en que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

8. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base.

Artigo 17. *Criterios de valoración*

1. A concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes:

a) Obxectivos propostos. Con base na memoria presentada pola entidade solicitante, valoraranse os obxectivos propostos. Este criterio puntuarase cun máximo de 10 puntos, e na súa valoración terase en conta:

1º. Descrición dos obxectivos que se pretenden acadar co conxunto das actividades de divulgación, concienciación e sensibilización propostas e grao de concreción: ata un máximo de 5 puntos.

2º. Descrición dos obxectivos que se pretenden acadar co conxunto das actuacións de conservación e mellora do estados dos ríos propostas e grao de concreción: ata un máximo de 5 puntos.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



b) Descrición das actividades e actuacións. Con base na memoria presentada pola entidade solicitante, valoraranse as actividades e actuacións propostas. Este criterio puntuarase cun máximo de 25 puntos e na súa valoración terase en conta:

1º. O grao de definición das actividades de divulgación, concienciación e sensibilización propostas: ata un máximo de 5 puntos.

2º. O grao de definición das actuacións de conservación e mellora do estado dos ríos propostas: ata un máximo de 5 puntos.

3º. O grao de coherencia das actividades de divulgación, concienciación e sensibilización propostas cos obxectivos descritos: ata un máximo de 5 puntos.

4º. O grao de coherencia das actuacións de conservación e mellora do estado dos ríos propostas cos obxectivos descritos: ata un máximo de 5 puntos.

5º. O grao de concreción da localización das actuacións de conservación e mellora do estado dos ríos propostas, do seu alcance xeográfico e das masas de auga nas que se pretende actuar: ata un máximo de 5 puntos.

c) Alcance da intervención. Analizarase, con base na memoria presentada pola entidade solicitante, o alcance das actuacións de conservación e mellora do estado dos ríos propostas. Este criterio puntuarase cun máximo de 20 puntos, da seguinte maneira:

1º. Por cada masa de auga distinta na que se pretende actuar: 1 punto, ata un máximo de 5 puntos.

2º. Por cada quilómetro de río no que se propón actuar situado nunha masa de auga que teña un estado «bo ou mellor» segundo o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa 2021-2027: 1 punto, ata un máximo de 5 puntos.

3º. Por cada quilómetro de río no que se propón actuar situado nunha masa de auga que teña un estado «peor que bo» segundo o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa 2021-2027: 2 puntos ata un máximo de 10 puntos.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



d) Medios materiais, persoais e económicos. Analizarase con base na memoria presentada pola entidade solicitante. Este criterio puntuarase cun máximo de 15 puntos e terase en conta:

1º. Grao de definición dos medios materiais, persoais e económicos necesarios para o desenvolvemento de cada unha das actuacións e das actividades propostas: ata un máximo de 5 puntos.

2º. Coherencia da organización proposta para cada unha das actividades e actuacións, atendendo ao xeito de planealas: ata un máximo de 5 puntos.

3º. Compromisos de colaboración con administracións, colectivos escolares e outras asociacións sen ánimo de lucro e coherencia coas actividades e actuacións propostas: ata un máximo de 5 puntos.

e) Xestión do voluntariado. Analizarase con base na memoria presentada pola entidade solicitante. Este criterio puntuarase cun máximo de 5 puntos e terase en conta:

1º. Grao de coherencia da proposta de xestión do voluntariado coas actividades e actuacións propostas, tendo en conta o sistema de captación do voluntariado e os requisitos establecidos e as propostas de formación durante o desenvolvemento do proxecto.

f) Calendario de traballo. Analizarase con base na memoria presentada pola entidade solicitante. Este criterio puntuarase cun máximo de 5 puntos e terase en conta:

1º. Idoneidade e grao de coherencia do calendario de traballo proposto, tendo en conta os tempos destinados á xestión do voluntariado, á organización dos medios materiais e persoais e ao desenvolvemento das actividades e actuacións do proxecto: ata un máximo de 5 puntos.

g) Orzamento. Analizarase o orzamento desagregado presentado pola entidade solicitante. Este criterio puntuarase cun máximo de 15 puntos, terase en conta:

1º. O grao de coherencia entre o orzamento e as actividades e actuacións propostas e o conxunto do proxecto: ata un máximo de 5 puntos.

2º. A solicitude do importe máximo da subvención fixado para cada zona hidrográfica no artigo 5.2 desta resolución: ata un máximo de 10 puntos. Os puntos distribuiranse do seguinte xeito:

Solicitude do importe máximo subvencionable previsto para a zona hidrográfica correspondente: 10 puntos.



Solicitud de menos do importe máximo subvencionable previsto para a zona hidrográfica correspondente: 0 puntos.

h) Presentación correcta da solicitude de subvención, sen necesidade de realizar ningún requirimento de emenda: ata un máximo de 3 puntos. Os puntos distribuiranse do seguinte xeito:

Asociacións que presentasen correctamente a solicitude: 3 puntos.

Asociacións que non presentasen correctamente a solicitude: 0 puntos.

i) Compromiso do emprego da lingua galega na elaboración de toda a documentación que se xere coa execución das actuacións ou actividades subvencionadas: ata un máximo de 2 puntos. Os puntos distribuiranse do seguinte xeito:

Presentación do compromiso do emprego da lingua galega: 2 puntos.

Non presentación do compromiso do emprego da lingua galega: 0 puntos.

3. Unha vez valoradas todas as solicitudes pola Comisión de Valoración no caso de que máis dunha solicitude do mesmo grupo obteñan puntuacións idénticas, o desempate realizárase tendo en conta os seguintes criterios, na orde que se indica:

a) Maior puntuación no criterio de valoración recollido no artigo 17.2.c).3º desta resolución.

b) Maior puntuación no criterio de valoración recollido no artigo 17.2.c).2º desta resolución.

c) Data e hora de presentación da solicitude. No suposto de que se lles requirise aos solicitantes a emenda de erros, de omisións da solicitude ou da documentación presentada, entenderase por data e por hora de entrada da solicitude aquela en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.

Artigo 18. *Resolución, notificación e recursos*

1. Unha vez realizada a proposta de resolución, a persoa titular da Presidencia de Augas de Galicia ou a persoa en quen delegue ditará a resolución do procedemento.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



A resolución acordará tanto o outorgamento das subvencións como a desestimación e a non concesión, por desistencia, renuncia ao dereito ou imposibilidade material sobrevida.

2. O prazo para ditar a resolución do procedemento iniciado en virtude desta convocatoria será de tres (3) meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

4. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, ante o mesmo órgano, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou desde o día en que se produza o acto presunto. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou desde o día en que se produza o acto presunto.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

O órgano competente para a concesión destas subvencións poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria, sempre que se cumpran os límites e os requisitos recollidos nos artigos 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A modificación da resolución nestes supostos non implicará o incremento do importe da subvención inicialmente concedida.

Artigo 20. *Aceptación*

1. As entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención, de conformidade co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

Artigo 21. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigadas a:

1. Cumprir co obxectivo da subvención e desenvolver as actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Deberán dispoñer dos permisos administrativos correspondentes en caso de que sexan necesarios para o desenvolvemento das actuacións subvencionadas.

2. Ser responsable de que as actuacións que se realicen, particularmente as divulgativas, estean en consonancia coa planificación hidrolóxica, co estado dos coñecementos científicos e co marco normativo relacionado coas temáticas obxecto das actuacións subvencionadas.

3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou a adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

5. Proceder ao reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.



b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos nesta resolución.

c) Incumprimento da obriga, de ser o caso, de achegar os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria e/ou falta ou insuficiente acreditación de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa.

d) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou en calquera outro que resulte da normativa aplicable.

6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme o previsto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

8. En relación coa subvención concedida, someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

9. As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións ou actividades obxecto da subvención e incluír a imaxe institucional de Augas de Galicia, así como lendas relativas ao financiamento público das actuacións nos materiais impresos que se xeren.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



As referencias ao carácter público do financiamento deberán realizarse sen prexuízo de deixar constancia de que as manifestacións que se realizan non son propias do órgano concedente, salvo autorización previa e expresa deste.

De realizarse comunicacións á prensa e aos medios informativos sobre a actuación subvencionada debe facerse mención expresa á subvención concedida por Augas de Galicia.

Artigo 22. *Contratación*

1. As entidades beneficiarias poderán concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custo da actuación subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración concedente.

2. En todo caso, deberá observarse o establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A entidade beneficiaria deberá acreditar, de ser o caso, as ofertas recibidas xunto coa documentación xustificativa da subvención e xustificar a elección entre as ofertas presentadas.

Artigo 23. *Xustificación e pagamento*

1. As entidades beneficiarias terán de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 7 de novembro de 2025, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.

2. As entidades beneficiarias deberán achegar a través da Carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia o anexo II da resolución no que expresamente se declara:

a) Se solicitou ou lle foron concedidas outras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales lles foi concedida esta subvención, con indicación do importe e a súa procedencia, se é o caso.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



b) Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de entidade beneficiaria da subvención.

3. Xunto co anexo II deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa:

a) Memoria técnica que deberá incluír, como mínimo, un resumo executivo, a descrición das accións realizadas, o número total de participantes, os leitos nos que se realizaron as actuacións e actividades subvencionadas e os resultados obtidos. A memoria acompañase, se é o caso, da seguinte documentación:

1º. Se con motivo da actuación se xerara material divulgativo, copia del en soporte dixital, na que constará a imaxe institucional de Augas de Galicia.

2º. Se a actuación subvencionada é unha actividade formativa, programa da xornada na que figuren os relatores, os títulos dos relatorios, as datas e o horario de impartición, así como a listaxe completa de participantes, que incluíra o control de asistencia.

b) As tres ofertas de diferentes provedores cando proceda, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo (identificarse o provedor, NIF, o número de factura, o concepto e o importe) que xustifiquen a execución das actuacións que serviron de base á resolución de concesión.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aborará máis que o importe xustificando e ata o límite da subvención concedida.

As facturas que se presenten como xustificación dos gastos realizados deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto nas facturas presentadas poderase perder o dereito a cobrar a subvención concedida.

No caso de que na factura se inclúan gastos non subvencionables, deberán estar claramente identificados e separados dos subvencionables.

Os gastos deberán estar a nome da entidade beneficiaria.

d) Documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado.



Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario.

e) Documentación acreditativa dos gastos de persoal.

En relación aos gastos de persoal achegarase a seguinte documentación:

1º. Persoal contratado especificamente para o proxecto: a copia do contrato, as nóminas e os recibos de liquidación de cotizacións.

2º. Persoal non contratado especificamente para o proxecto: a copia do contrato, a declaración responsable de horas dedicadas ao proxecto asinado polo representante da entidade beneficiaria da subvención e polo/a traballador/a, que inclúa unha breve descrición das tarefas realizadas de acordo coas actuacións subvencionadas e o cálculo do seu custo horario con base en nóminas e recibos de liquidación de cotizacións, e achegar unha copia destes.

f) Documentación acreditativa da realización das actividades de información ou publicidade.

A realización das actividades de información ou publicidade xustificarse achegando, segundo proceda:

1º. Dossier de prensa onde consten todas as comunicacións realizadas en prensa e medios informativos sobre as actuacións realizadas acreditando a mención expresa á subvención concedida por Augas de Galicia.

2º. «Captura» impresa da páxina web da entidade beneficiaria, no caso de que dispoña dela, onde se faga referencia á actuación subvencionada e ao financiamento de Augas de Galicia.

3º. Proba da inclusión da imaxe institucional de Augas de Galicia, en toda a información ou a publicidade da actividade subvencionada, así como en calquera material que se xere nas actuacións obxecto de subvención, coa referencia ao financiamento de Augas de Galicia.

g) De ser o caso, certificado de que o IVE non é repercutible por parte da asociación.

4. Augas de Galicia poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2



5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto no artigo 45.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Augas de Galicia, de atopar conforme a documentación xustificativa, proporá o libramento dos fondos, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 24. *Incumprimento das obrigas*

1. O órgano concedente poderá revogar a concesión da subvención se a entidade beneficiaria incumpre as condicións impostas con motivo da súa concesión.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou na restante normativa que sexa de aplicación dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros demora correspondentes.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos títulos IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e VI do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1



da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 26. *Medidas antifraude*

1. É de aplicación ao procedemento recollido nesta resolución o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, á disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidade ou conduta de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola Administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle se poderán denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta en que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.



3. A investigación e o tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas anti-fraude da Xunta de Galicia.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Delégase na persoa titular da Dirección de Augas de Galicia a competencia para resolver o procedemento de concesión de subvencións, a modificación da resolución e outras incidencias que poidan xurdir na súa tramitación, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos, recoñecer as obrigas e propor os pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Impugnación da convocatoria*

Contra esta resolución poderá interpoñerse, ante a presidencia de Augas de Galicia, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da resolución*

Facúltase a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento desta convocatoria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2





ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS A ASOCIACIONS SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIONS E ACTIVIDADES DE EDUCACION AMBIENTAL PARA A SUSTENTABILIDADE DOS RIOS DA DEMARCACION HIDROGRAFICA DE GALICIA-COSTA		CÓDIGO DE PROCEDEMENTO AU301G	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
IDENTIFICACIÓN							
TIPO	NÚM.		PAÍS EMISOR				
RAZÓN SOCIAL							
ENDEREZO							
PAÍS							
TIPO	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
CONTACTO							
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2				
CORREO ELECTRÓNICO							

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).		
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.		
Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:		
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO



ANEXO I
(continuación)

DATOS BANCARIOS

☐ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

ACTUACIÓN PARA A CAL SOLICITA A SUBVENCIÓN:

ORZAMENTO TOTAL (IVE ENGADIDO)

SUBVENCIÓN SOLICITADA

(100 % do orzamento total IVE incluído, se o IVE non é repercutible pola asociación;
100 % do orzamento total IVE excluído, se o IVE é repercutible pola asociación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que o órgano competente da asociación acordou participar na convocatoria de subvencións e apoderou a persoa que asina para presentar a solicitude e demais documentos exixidos nesta resolución de convocatoria.
- Que a asociación que solicita a subvención acepta as condicións e os demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria.
- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas, a asociación solicitante:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña a entidade solicitante doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que, ao abeiro desta convocatoria de subvencións, non presenta máis dunha solicitude por zona hidrográfica, aínda que se refiran a actuacións distintas.
- Que en relación co IVE, a entidade solicitante:
 - ☐ Non repercute o IVE de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.
 - ☐ Si repercute o IVE de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Memoria co contido establecido no artigo 11.1.a) da resolución da convocatoria.
- ☐ Orzamento desagregado no que se detallan de forma separada os conceptos e custos subvencionables, tanto os necesarios para desenvolver o conxunto do proxecto como para cada unha das actividades e actuacións propostas.
- ☐ Copia dos estatutos da asociación solicitante.



ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DN/NIE da persoa representante	☐
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas fronte á Seguridade Social que deba emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social	☐
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Augas de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RCPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**ANEXO I**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Resolución do 13 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301G).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Entidade pública empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2





ANEXO II

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

AU301G – SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA A SUSTENTABILIDADE DOS RÍOS DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA-COSTA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
RAZÓN SOCIAL		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que a entidade solicitante non está incursa en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria da subvención.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Memoria técnica co contido mínimo establecido no artigo 23.3.a) da resolución da convocatoria.
☐ As tres ofertas de diferentes provedores cando proceda, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
☐ Facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo (identificarase o provedor, o NIF, o número de factura, o concepto e o importe) que xustifiquen a execución das actuacións que serviron de base á resolución de concesión.
☐ Documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado.
☐ Documentación acreditativa dos gastos de persoal, co contido establecido no artigo 23.3.e) da resolución da convocatoria.
☐ Documentación acreditativa da realización das actividades de información ou publicidade, de acordo co establecido no artigo 23.3.f) da resolución da convocatoria.
☐ Certificado de que o IVE non é repercutible por parte da asociación, de ser o caso.





ANEXO II
(continuación)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: d2s22pt9-wao8-okt1-6cn6-ajcmedz25x2

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>